

ALEGACIONES RPT MEDIO RURAL

SERVIZOS DE GANDERÍA

Seguindo a habitual estrutura observase un **desequilibrio entre os servizos provinciais e oficinas comarcais do norte de Galicia (A Coruña e Lugo)** en canto ao número de prazas xa sexa de funcionarios coma doutros veterinarios (laborais) o incluso controladores **pecuarios e as provincias do sur de Galicia (Ourense e Pontevedra)** que xa non pode ser xustificado pola distribución do gando vacún xa que existen outros tipos de producións (porcina, avícola etc) que é moito máis abundante nas provincias do sur de Galicia e que teñen unha importante aportación á gandería e ao produto interior bruto primario de Galicia. Esta situación ven existindo dende fai moito tempo e aínda que fora en parte corrixida en anteriores RPT dada a diferenza abismal que existía; porén, nas últimas RPT, e basicamente dendo o traslado de inspectores veterinarios á Consellería do Mar, que penalizou precisamente a provincias ubicadas no sur da Comunidade Autónoma, non se observa unha axeitada distribución tendo en conta a presenza gandeira e de poboación con explotacións de autoconsumo e de tipo familiar que existen no sur de Galicia.

Neste senso parece apropiado **equilibrar e atender as necesidades que se producen nas distintas zonas sen priorizar unhas sobre outras.**

DOTACION DE PERSOAL PARA APOIAR AS OFICINAS COMARCAIS

Na memoria funcional relativa a esta cuestión se indica *“Dadas as condicións específicas de traballo deste equipo, propónse un acordo de condicións que se achega xunto coa presente proposta”*. **Cabe indicar que entre a documentación que se trasladou ao SEPGA non existe acordo nin documento ningún relativo a esta cuestión.**

Precisamente ante a peculiaridade da unidade que se pretende crear e as funcións tan variadas, deslocalizadas que teñen unhas particularidades por discutir acerca da procedencia da mesma no aspecto da función pública nos facemos as seguintes **preguntas:**

1. ¿A **forma de provisión destas prazas** será por concurso ou teñen algun tipo de particularidade respecto a libres designacións, concretamente a praza de xefe de área de coordinación territorial?

2. ¿ Que **titulacións se esixen para cada unha das prazas** (mais alá de que parece evidente no caso do veterinario de apoio), posto que non veñen indicadas?
3. ¿ Cal é a **ubicación destas prazas e cal é a limitación do número de horas de traballo for a desa praza e ubicación**? ¿ Cal é a función do xefe de área de coordinación territorial, ser o xefe doutros xefes de área de servizos veterinarios ou agrarios?
4. ¿ **Qué é a Oficina Agraria Móbil**? De qué medios consta, tanto vehículos coma informáticos etc.; no caso de empregar un vehículo quen conduce este vehículo dado que os técnicos e administrativos non teñen en sus funcións a conducción e poden non dispor de carné de conducir; se prevé o emprego dun condutor...?
- 5.- O campo de traballo para estas prazas, a diversidade de funcións que realizan os técnicos deste perfil fai complicado que podan desenvolver todo tipo de tarefas alá onde se lles reclame, máis aínda cando se desprende que estarán en permanente movemento.

As tarefas encomendadas máis parecen propias dunha brigada que dun grupo de apoio de tres técnicos e un administrativo por provincia. Cos postos indicados, so se poderán cubrir necesidades cunha persoa (técnico agrario ou veterinario) toda a provincia, necesidades moi puntuais, o que supón que unha semana estea nunha oficina e outra noutra polo que dificilmente pode realizar un traballo de calidade, non cremos que isto solucione o que se busca.

Ademais, ¿ **non parece contradictorio que en época da informática onde se deslocalizan incluso os postos de traballo debido ao desenvolvemento da web e das aplicacións, conexións etc, nunha consellería que conta cunha Oficina Agraria Virtual, e incluso nun entorno no que nas derradeiras décadas se mellorou moito as infraestruturas de comunicación, que se pretenda instalar unha unidade máis propia nas súas circunstancias do século XX?**

Tampouco parece moi coherente intentar reforzar por exemplo Oficinas Comarcais cando simultaneamente se van amortizando prazas precisamente destas Oficinas e moitas veces sen que exista unha relación coa carga de traballo. Tal vez o que sería máis conveniente e facer un estudo das verdadeiras necesidades e refundir oficinas, ou pechar algunhas infradimensionadas e que non poden ofertar un bo servizo, reforzando outras ben situadas

que se constitúan como referente agropecuario dunha comarca ou zona pero non esta proposta “móbil” non sabemos se relacionada con certo “camión” de cor azul de eficacia dubidosa.

Finalmente se observa que para crear as prazas, se amortizan 26 postos principalmente de perfil administrativo (significativo o caso da Xefatura Territorial de Pontevedra con varios postos base dos grupos C). A consecuencia desta tendencia é que finalmente son os técnicos, inspectores veterinarios enxeñeiros etc os que teñen que facer tarefas puramente administrativas e que con estas tendencias todavía terán que facer máis cuestións desa índole o que en realidade redunda curiosamente nun peor desempeño de labores importantes para o sector agrogandeiro e para o interese xeral.

Relacionado co anterior, non parece apropiado que funcionarios do grupo A2, enxeñeiros técnicos agrícolas ubicados en moitas oficinas agrarias segan tendo tantas prazas cun simple nivel 16, que aínda nestes tempos constiúe o posto base do grupo A2 o que non deixa de ser un anacronismo na función pública

ALEGACIÓNS Á NOVA RPT DO FOGGA

ANTECEDENTES: ocasións anteriores nas que se tratou de diminuír o número de veterinarios no Fogga.

PRIMEIRO

No ano 2012 cando se estaba traballando na modificación da RPT actual do FOGGA detectamos que a praza da subdirección e as 8 xefaturas de servizo (4 en servizos centrais e 4 en servizos territoriais) que estaban abertas a poder ser ocupadas por veterinarios e enxeñeiros agrónomos e enxeñeiros técnicos agrícolas as pretendían pechar para os enxeñeiros agrónomos e/ou enxeñeiros técnicos agrícolas (excluíndo aos veterinarios). Naquel momento o subdirector era enxeñeiro agrónomo e os servizos do FOGGA estaban ocupados por enxeñeiros agrónomos e/ou enxeñeiros técnicos agrícolas. Tras comentarllo ao director (José Álvarez Robledo, veterinario) éste interveu para evitar esa proposta. Ao final se abriron todas esas prazas ao corpo especial sen indicar ningunha escala e ésa é a situación actual (Resolución do 21 de maio de 2012, DOG nº 99 do 25 de maio de 2012).

SEGUNDO

A última modificación da lei 12/2013, de 2 de agosto, de medidas para mellorar o funcionamento da cadea alimentaria (BOE Nº 185 do 3 de agosto de 2013) establece que as Comunidades Autónomas teñen que designar unha autoridade de execución que asuma as competencias de control da Lei no seu territorio. Desde a creación da lei no ano 2013, as funcións de control dos sistemas de declaracións obrigatorias dos sectores lácteo, vinícola e oleícola e o sistema de contratación obrigatoria do leite foron asumidos polo Servizo do Sector Lácteo e Mercados Agrícolas do FOGGA. Concretamente traballando desde o ano 2013 dous veterinarios nestas funcións.

Pretendeuse crear unha nova unidade no FOGGA con rango de subdirección que contara cunha xefatura de servizo pechando a cobertura desas dúas prazas a enxeñeiros agrónomos e a enxeñeiros técnicos agrícolas (excluindo aos veterinarios). Tras presentar unha queixa formal, a Consellería decidiu non crear unha nova subdirección e optouse por crear unha nova xefatura de servizo que asumira esas funcións na Subdirección Xeral de Industrias Agroalimentarias.

TERCEIRO

No último concurso de veterinarios que houbo na Xunta de Galicia non se lles ofreceu ningunha desas prazas do FOGGA de titulación compartida. Desde Función Pública argumentaron que como eran prazas de titulación compartida se ofrecerían cando houbera un concurso simultáneo para esas escalas.

Pero a continuación, en poucos meses, houbo un concurso de enxeñeiros agrónomos e enxeñeiros técnicos agrícolas e resultou que lle ofreceron todas esas prazas que non nos ofreceron aos veterinarios.

COMPARATIVA DE PRAZAS (RPT ACTUAL E A NOVA PROPOSTA)

A RPT actual ten as seguintes prazas dependentes da Subdirección Xeral de Xestión da PAC e dos Servizos Territoriais cuxa cobertura ten titulacións académicas específicas:

As prazas do FOGGA que están pechadas á cobertura **en exclusividade por enxeñeiros agrónomos e por enxeñeiros técnicos agrícolas** son as seguintes:

NIVEL	26	25	22	20	18	16	TOTAL
Servizos Centrais		7	1			1	9
A CORUÑA	1	3	2	2		1	9
LUGO	2	2	2	3	1	1	11
OURENSE	1	1	1	1	1		5
PONTEVEDRA	1	1	1	1		1	5
TOTAL	5	14	7	7	2	4	39

As prazas do FOGGA que están pechadas á cobertura **en exclusividade por veterinarios** son as seguintes:

NIVEL	26	25	22	20	18	16	TOTAL
Servizos Centrais	1			2			3
A CORUÑA							
LUGO							
OURENSE							
PONTEVEDRA							
TOTAL	1			2			3

As prazas do FOGGA de titulación **compartida entre veterinarios e enxeñeiros agrónomos e/ou enxeñeiros técnicos agrícolas** son as seguintes:

NIVEL	26	25	22	20	18	16	TOTAL
Servizos Centrais	2	2					4
A CORUÑA	1	1					2
LUGO	1						1
OURENSE	1	1					2
PONTEVEDRA	1						1
TOTAL	6	4					10

É dicir que na RPT actual, os veterinarios poden acceder a estas 13 prazas (compartidas + en exclusividade):

NIVEL	26	25	22	20	18	16	TOTAL
Servizos Centrais	3	2		2			7
A CORUÑA	1	1					2
LUGO	1						1
OURENSE	1	1					2
PONTEVEDRA	1						1
TOTAL	7	4		2			13

A proposta de modificación da RPT do FOGGA que se acaba de presentar deixa para os veterinarios sen prazas compartidas e propón as seguintes prazas en exclusividade:

NIVEL	26	25	22	20	18	16	TOTAL
Servizos Centrais	2			1			3
A CORUÑA							
LUGO	1						1
OURENSE							
PONTEVEDRA							
TOTAL	3			1			4

Na proposta actual, ademais de amortizar unha praza de nivel 20 de cobertura exclusiva por veterinarios (*), lles quitan a este colectivo a posibilidade de acceder a 8 prazas:

- 4 de nivel 25
- 4 de nivel 26

(* o motivo de amortizar a praza de nivel 20 é porque está vacante. Así mesmo, tamén se amortizan prazas vacantes para enxeñeiros e corpo xeral (neste caso, é o mesmo criterio para todos os corpos e escalas).

CONCLUSIÓN

Coa nova RPT proposta, os veterinarios perden o acceso a 9 prazas (nivel 25 e 26) dentro do FOGGA: pasan de 13 posibles destinos (en exclusividade ou compartidos) a so 4 destinos (en exclusividade). La relación en el nuevo borrador sería de 4 veterinarios frente 44 agrícola/agrónomo.

Non é lóxico minimizar ata case anular a figura do veterinario de golpe cando queda xustificada a súa necesidade na xestión da PAC, como xa é así en todas as Comunidades Autónomas, excepto Galicia, así como no Ministerio nos que se aposta por equipos multidisciplinares. No caso galego hai que considerar que estamos nunha comunidade eminentemente gandeira e o coñecemento do sector gandeiro por parte dos veterinarios.

Hai moitas funcións que incluso estarían exclusivamente reservadas á profesión veterinaria (se xunta documento de apoio) dentro das competencias e tarefas do FOGGA.

O curioso é que porén hai prazas nesta situacións que se desenvolveron por veterinarios en comisións de servizos.

A isto se suma que ao non ter concursos dende o 2012 e facer o concurso de veterinarios separado do resto das escalas non se pode acceder pola vía normal de concurso a estas prazas. Isto leva a preguntarse se non se farán concursos separados para que non podan acceder a prazas abertas a distintas titulacións

INCENDIOS FORESTAIS

Nos servizos de prevención de incendios forestais das catro provincias existen dúas xefaturas de area, que desempeñan as mesmas funcións, ya que as dúas fan gardas durante a campaña de incendios forestais, sin embargo existe una gran diferencia nos complementos que teñen cada unha, esta desigualdade intentan compensala ao final de ano pero so economicamente. Sería necesario una igualdade de condiciones de traballo.

SERVIZO XURÍDICO DA XEFATURA TERRITORIAL DE MEDIO RURAL EN PONTEVEDRA

Se realizan as seguintes alegacións á nova RPT .

1ª/ Solicitude de non amortización do posto base do grupo A con licenciatura en dereito da Xefatura Territorial de Pontevedra - MR.C99.10.000.36001.011

A Xefatura Territorial de Medio Rural de Pontevedra conta só con media ducia de prazas de licenciado en dereito para toda a Provincia, número que resulta significativamente inferior ao doutros corpos do mesmo grupo; inferioridade que se fai aínda máis patente ao observar que os avogados somos solicitados a cotío por todos eles no exercicio das súas competencias. Para, polo menos, non empeorar este panorama, propoño que o posto base de licenciado en dereito de ningunha maneira sexa amortizado na nova RPT, independentemente de que non estea cuberto na actualidade. Porque aínda que non resulte doado cubrir prazas de posto base que ao seren do nivel mínimo do grupo ao que pertencen fanse pouco atractivas

para os funcionarios de carreira que teñen acceso a elas, seguen sendo necesarias (na actualidade os seus cometidos están sendo asumidos, non sen esforzo, polas xefaturas de sección) e debe, cando menos, posibilitarse a súa cobertura polo persoal de novo ingreso.

2ª/ Exixencia de licenciatura en dereito para a xefatura de sección administrativa do Servizo Xurídico de Pontevedra - MR.C99.10.201.36001.015 -

Dadas as características e o tipo de funcións a desenvolver no traballo diario polo persoal deste servizo resulta non só conveniente senón moi necesario, que calquera praza de nivel sexa cuberta con funcionarios que estean en posesión da titulación de licenciado en dereito (2062). Isto unido á escaseza de avogados na Xefatura Territorial que se indicou ao principio deste escrito, fai propoñer que a praza arriba indicada sexa substituída por una nova xefatura de sección xurídica coa esixencia da titulación 2062.

ESCOLAS AGRARIAS

Respecto das xefaturas de sección destas escolas existen desigualdades entre unhas e outras xa que hai determinadas prazas que teñen un nivel 22 mentras que outras teñen un nivel 25 non entendendose esta diferenza xa que as funcións que realizan son as mesmas, e non se debe considerar na RPT distintos niveis segundo a Escola se atope ubicada nunha zona xeográfica ou outra, cando as funcións que se desenvolven en todas as Escolas sexa onde sexa, son as mesmas, xa por non manifestar que como xefaturas de sección deberían estar dotadas dun nivel 25 de forma xeral.

Peticion individual relativo a un posto administrativo nunha Oficina Agraria

Nunha oficina agraria comarcal, en relación co posto con código do posto MRC99.20.011.15060.017, a persoa que o ocupa reivindica que se abra ao grupo A2 e que os funcionarios de carreira teñan a opción de promocionar internamente a través de concurso de méritos, dado o agravia dos funcionarios respecto do que está a acontecer co proceso de relacionado coa Ley 2021.

En xeral hai moito descontento entre os funcionarios de carreira con todo o que está a

suceder nesta cuestión por comparación co que tiveron que facer os que accederon pola vía de oposición a un posto de funcionario